

Santiago
logrou un novo
récord de
pernoctacións
nos hoteis



Páxina 6

A Xunta
presenta unha
proposta para
o Cuartel de
San Fernando



Páxina 9

Funeral
celebrárase en
maio en
Expourense



Páxina 11

O Día dos
Medios en
Galego 2020
celebrase en
Carballo



Páxina 15



A Coruña limitará a velocidade de circulación a 30km/h.

Páxina 5

Entrevista



Suso Cebeiro, da asociación Xenerais
da Ulla de Santiago

“Vimos de recuperar o Entroido
dos Xenerais na parroquia do
Castiñeiriño en Santiago”

Páxina 7



Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO



PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Reducirmos a Administración do Estado

Levo denunciando máis de catro anos a incapacidade das esquerdas españolas para artellar unha coalición progresista de goberno canda as forzas soberanistas e territoriais das distintas nacións e rexións do Estado.. Porén, recoñezo que a alternativa da dereita extrema e trifásica, do españolismo do “a por ellos”, é moito peor.

Mais compre recoñecer que a estrutura do novo Goberno do Estado, con 22 departamentos-4 deles Vicepresidencias- é desaquelada, como todas as dos anteriores Gobernos do Estado dende fins do século XX, logo da grande descentralización de

gasto e xestión (non así de ingresos nin de normativas) operada nos últimos vinte anos do século devandito.

Créase un Ministerio de Consumo para a cota IU de Unidas Podemos, cando todas as competencias están transferidas ás Administracións autonómicas. Mesmo engadíndolle as competencias de xogo, até de agora en Facenda, fica o Departamento no absoluto baleiro, pois que a normativa urbanístico-territorial, administrativa xeral e fiscal que ordena o sector do xogo é de competencia autonómica.

Sanidade e Educación non teñen competencias de xestión e executivas reais,

só as da lexislación básica. Traballo só retén competencias normativas, a xestión e execución son autonómicas. Cultura e Deporte están transferidos na súa case totalidade. Vivenda está transferida na súa totalidade, canda moita parte das políticas transversais de Igualdade.

22 Departamentos, 17 Delegados de Goberno e máis de 60 subdelegados do Goberno canda o resto dunha Administración periférica do Estado totalmente prescindíbel. Dende a realidade dunhas Administracións locais e autonómicas próximas á cidadanía e do imperio actual das novas tecnoloxías, os devanditos Delegados e Subdelegados haberían ser suprimidos e a Administración periférica estatal transferida.

Mais esta decisión ven dun Goberno que, teoricamente, acredita no afondamento do Estado autonómico, como ven de de se comprometer co BNG e PNV para a subs-

tancial ampliación dos autogobernos galego e vasco. Xa que logo, as grandes duplicidades Administrativas que existen e existirán, por mor do sobredimensionamento da Administración do Estado, só se entenden para contentar os intereses burocráticos-permanentes- de todos e cada un dos partidos estatais: colocar cantos máis cadros mellor.

O esquema orgánico deste-e dos anteriores- Goberno xera gasto improdutivo, duplicidades administrativas a oito e vai contra a corrente xeral doas países modernos e progresistas, que apostan por xestionar e gobernar en rede e horizontalmente, no canto dos vellos esquemas centralistas dun único cerebro que coñece todo, pode con todo e é quen de mandar en todo.



Garantirmos o dereito á morte digna

Chus Vázquez Conde é un profesional galego do asesoramento de empresas que compatibilizou unha intensa actividade profesional e corporativa co activismo social e co compromiso político. Dende hai dous anos foi diagnosticado de Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA), cun prognóstico de sobrevivencia menor a cinco anos. Chus reclama unha inmediata reforma lexislativa que despenalice a eutanasia e garanta a posibilidade, para él e para todas as persoas afectadas, de decidir libremente, canda a súa familia e amigos, se quere ou non pór fin á súa vida.

A ONG Dereito a Morrer Dignamente en Galicia e o partido En Marea desenvolveron ao longo dos últimos meses importantes

iniciativas para garantirmos o dereito á morte digna. O voceiro mareante, Luís Villares propuxo este verán constitucionalizar como dereito fundamental o dereito á morte digna, conectándoo co dereito fundamental á vida do artigo 14 da Constitución, que habería ser entendido como dereito a vivirmos dignamente. Pois que a morte non é senón a derradeira fase da vida.

O 87% da cidadanía do Estado está pola despenalización da eutanasia. Cómpre, pois, aproveitar a actual conxuntura de maioría parlamentaria progresista para aprobar unha lei orgánica que delimite o artigo 14 da Constitución nos termos expostos por Villares, despenalizando ao tempo as condutas de auxilio ao suicidio

penadas no artigo 143.4 do Código Penal que se refiran ás válidas decisións persoais que acorden pór fin á súa vida cando padezan graves doenzas que producen das súas resultas, quer a morte, quer padecementos permanentes malos de aturar.

Mais a propia doutrina dos dereitos humanos ten de definir os límites da decisión persoal liberadora que lexitime esta política pública. De ningún xeito o sistema público de saúde e servizos sociais, alicerzándose en razóns de aforro económico, pode inducir ás persoas que sufran graves doenzas non curábeis ou graves e permanentes discapacidades para que escollan pór cabo da súa vida. Poida inducir a estes colectivos de persoas vulnerábeis para que elixan, sen liberdade real, pór remate da súa vida por mor da falla de dotación de recursos públicos para atender as súas necesidades. Mesmo, nalgúns casos, para evitaren que sexan as súas familias as que carguen coa pasividade culpábel do sector público.



Pode ler o artigo “Dignificarmos as penas” do mesmo autor, Xoan Antón Pérez-Lema na nosa web www.novasdоеixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdоеixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdоеixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdоеixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal –Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015





Para cando o Partido Republicano?

A recente historia deste país chamado España tennos “drogados”, politicamente falando. Vimos de espertar dun soño de 40 anos de ditadura, que nos transportou ao que se ben en chamar “período democrático” por excelencia.

Os que temos a manía de metee o fociño nas cousas da historia, talvez porque fomos culturizados, é un dicir, dentro duns parámetros perfectamente marcados dende o Poder absoluto dunha ditadura, levamos tempo (sobre todo nos últimos 50 anos da nosa existencia) soñando con outra cousa. Lemos, estudiamos, discutimos (isto menos porque a verdade é que non queda moita xente coa que discutir, non disputer, que dirían os franceses), de por que en España non existe un Partido Republicano potente?

Curiosamente, énchesenos a boca falando dos tempos da República. Que aqueles si que eran tempos de apertura intelectual, social, etc. Con todo, chegou esta etapa, e como si nos administraran un forte somnífero, ata os partidos considerados herdeiros dos tempos republicáns, non se atreveron a erguer a bandeira republicana. Como se fora un pecado de lesa humanidade, o PSOE que sempre presumiu de republicano, non sei, ou si sei, por que vergoñentas culpas se adaptou, coma un camaleón político, á nova situación. Todos se volveron monárquicos. Os Reis estiveron e seguen estando contentísimos cos socialistas.

Felipe González cambiou a chaqueta de pana por outra propia dos salóns da realeza, Alfonso Guerra, aquel dobermán que ía comerse o mundo, pasoulle como a Pablo Iglesias, o Poder emborrachounos de tal maneira que hoxe son, sobre todo o socialista, máis monárquicos que a raíña Leticia.

É curioso. Hoxe vemos como resucitan

“las flechas de mi haz”; crecen como fungos nesta terra seca de ideas (é curioso, porque os fungos crecen en terras húmidas) os herdeiros de “Dios Patria y Rey” sen que pase nada. Todos aceptamos que nunha democracia se poden defender todas as formas posibles de ordenar a sociedade, sempre, claro está, que se res-

labor de legislar e controlar o Poder Executivo.

Se non governa que pitos ten que tocar no Parlamento representante xenuíno do Poder do Pobo? Ou é que o Pobo español, como di a canción portuguesa, é que máis ordena, pero sempre que o Rei lle permita facelo?. Que pasa se as Cortes

putados e senadores) que si ofreceron o rendez –vous ao monarca son, de verdade, monárquicos? Entendo que non. Logo por que ese sometemento? Por que non son honestos e demostran, non con xestos máis ou menos alambicados, senón con posturas claras e definidas que para eles a Monarquía é unha imposición histórica que non aceptan de boa gana?

Vivimos nun país de covardes políticos. Non somos capaces de romper as cadeas que nos atan a ese pasado que todos dicimos querer esquencer pero sen atrevemos a substituílo por unha nova primavera.

Eu, que nacín apenas rematada aquela guerra incivil que nunca debeu existir; eu que fun educado (mellor domesticado) polos que se adaptaron a ser obedientes co Réxime; polos que, aínda hoxe, non se atreven a falar con liberdade, quero desafiar publicamente a todos eses que se din “non monárquicos” a que nos organicemos arredor da bandeira republicana e constituamos o Partido Republicano: galego, catalán, vasco, andaluz e castelán. Logo chegaría a Federación de Partidos republicanos da Península Ibérica (Portugal xa é republicano). Por algo dicía Castela “menos mal que nos queda Portugal”.

Cada quen no seu territorio e todos defendendo o dereito a organizar as nosas respectivas sociedades sen coroas nen coroados.

Agora que está de moda iso das redes sociais (debo recoñecer a miña incapacidade para dominar ese mundo) sería o momento de facer unha proposta aos españois preguntándolles se estarían dispostos a prestar apoio (xa se vería como) a un Partido republicano de verdade.

Quen se apunta? A miña ficha xa está cuberta. E a túa?



pecten os principios democráticos mínimos: dereitos humanos, liberdade de opinión, respecto polas crenzas e condicións sexuais diferentes, etc. Pero non vemos que se erga a bandeira da República nin se defendan os seus principios.

Estes días en Madrid, ese Rei que din que reina pero non governa (eu non mo creo nin de coña) foi protagonista: presidiu a apertura do novo ano lexislativo; ou sexa, deu o pistoletazo de saída para que as Cortes Xerais poidan comezar o seu

se poñen en marcha sen o “permiso” do Rei?

Ben, pero, sempre hai un pero. Varios partidos dixeron que o acto non ía con eles; non lle concedían representatividade ao Monarca Borbón para ser protagonista nun acto tan singular e definitivo no labor de organizarse un País: ER de Cataluña, JxC, CUP, BNG e Bildu, non entraron na Cámara. Supoño que o fixeron porque non son monárquicos e son coherentes.

Todos os demais parlamentarios (de-

APÚNTATE AO NOSO
CANAL DE TELEGRAM



<http://xnea.eu/telegram>



SIGUE AO DÍA NA
NOSA PÁXINA WEB



<http://xnea.eu/web>



A Deputación da Coruña celebra a creatividade cultural coa entrega de trece premios

A Deputación da Coruña entregou trece premios que recoñecen obras e proxectos en distintos ámbitos da cultura, desde a literatura até as artes plásticas e visuais pasando pola música ou a promoción da lingua e a igualdade.

Como en cada edición, especial expectación provoca coñecer o nome dos gañadores do Torrente Ballester de narrativa que, con 25.000 euros de premio, converteuse no de maior contía da nosa literatura. Nesta edición XXXI, o premio recaeu en dous autores con obra xa publicada, un deles consagrado como Antón Riveiro Coello que gañou coa súa novela "As liñas do paraíso" e outro como Alex Alonso, con só unha obra publicada, coa obra "Crónica denigrante".

En canto á modalidade en lingua castelán, o Torrente Ballester recaeu no escritor murciano Miguel Sánchez Robles coa súa obra "El síndrome de Hybris".

Destinado ao público de menor idade, o Premio Raíña Lupa chegou a súa décimo terceira edición coa novela "Antía e Daren e os pequenos detectives" de Valentín Alvite como gañadora en canto o premio de ensaio foi para "Callaici príncipes. Os soberanos da Galiza castrexa" de Manuel Fernández Calo e o XIX Rafael Dieste de textos teatrais para "Amorodo agre" de Fernando Castro Paredes, a única, polo momento, que xa



está publicada.

Artes plásticas e visuais de premio

O Luís Ksado de creación fotográfica tivo na convocatoria de 2019 dous gañadores ao decidir o xurado premiar ex aequo a Javier Arcenillas coa colección "Gangborder" e Alejandro Real con "Fillos de Breogán", coleccións que están, xunto coas obras finalistas, expostas neste momento no Museo do Pobo Galego á espera de iniciar a itinerancia por outros dez concellos.

Tamén foron dous os premiados no Castelao de Banda Deseñada mais, nesta ocasión porque por vez primeira se entregaron as dúas categorías convocadas, unha para público xeral e outra destinada especialmente ao público infantil e xuvenil. Trátase da obra do recoñecido Alberto Vázquez Rico con "A Caza" e de Martín Romero Outeiral que inaugura con "Uxío" o premio Castelao infantil

e xuvenil.

En artes plásticas o artista Mauro Trastoy recolleu o XIV premio Isaac Díaz Pardo pola súa obra "7" mentres que o Jesús Núñez de artes gráficas non puido ser entregado en man ao thailandés Teerawoot Com-on e foi entregado a Pedro Galilea, membro do xurado.

Do metal á música balcánica. Moí variados foron os ritmos nos premios musicais desta edición que fixeron gañadora do XI Concurso Fran Pérez Narf á banda Mileth cos seus sons metálicos mentres que foron dar en Chile co gañador do Premio Gaos de composición musical nun autor de destacada traxectoria como é Alberto Núñez.

A coruñesa Isma Kalo na modalidade de xuvenil e o grupo "Música das baleas" de Caión recolleron tamén os premios do IV Concurso Quero Cantar de música infantil e xuvenil nesta festa da

cultura que busca tamén promover a novas artistas e crear público para a nosa cultura.

Promoción da Lingua Galega e a Igualdade

Finalmente, na gala entregáronse tamén os premios Rosalía de Castro de promoción da lingua e Begoña Caamaño de acción cultural pola Igualdade de Xénero.

Dous proxectos que están a ter un singular impacto na normalización como o portal GCiencia que dirixen os xornalistas Pablo López e Eduard Roland e o programa "21 días con galego" promovido pola profesora Pilar Ponte gañaron esta nova edición dunha iniciativa que busca contribuír á normalización do galego mentres o "Observatorio da Mariña pola Igualdade" fíxose co Begoña Caamaño pola súa ampla e intensa traxectoria de traballo por eliminar a discriminación das mulleres, en boa parte a través de proxectos de natureza cultural.

Ciclo "todo público"

Empezou no Fórum Metropolitano o ciclo "Todo público" co espectáculo "La niña azul", dos aragoneses Zazurca Artes Escénicas, que dará paso o 1 de febreiro ás 18.30 horas a "Hubo". El Patio virá desde A Rioxa para interpretar unha obra sen palabras que fala do amor, a perda, a soidade, a memoria e o arraigamento. "Hubo" é unha homenaxe aos pobos, ao mundo rural e ás persoas que o habitan.

En marzo, o día 7, poderase desfrutar de "El viaje de Ulises", de Teatro Gorakada, en que a compañía de Euskadi se irá ata o mundo grego para poñer enriba do escenario aos deuses que moraban a cima do monte Olimpo e aos homes que se atreveron a desafialos.

"Todo Público" diríxese ao público infantil (de 3 a 14 anos) e familiar, cunha oferta que abarca tamén público escolar en horario lectivo. Contrátanse normalmente cinco funcións, catro para escolares e unha para público familiar en fin de semana (sábado ás 18:30 h). As propostas que realizan tanto as compañías do país como as nacionais son moi variadas e van desde teatro con monicreques ou obxectos a medios audiovisuais e danza.

A primeira Semana do Cinema Galego pretende pór en valor o cinema do país

O ciclo realizarase do 6 ao 9 de febreiro no Teatro Colón e proxectará de balde cinco filmes de recoñecemento internacional. Cada longametraxe irá precedida dunha curta do autor e incluír un debate posterior coas persoas protagonistas.

Poderanse ver cinco filmes todos candidatos aos premios Mestre Mateo 2020. Xa empezou a conta

atrás para a festa do audiovisual galego, que será o 7 de marzo no Pazo da Ópera. O 10 de febreiro saberanse as e os nomeados aos Mestre Mateo.

A programación, que comezará con "O que arde" de Óliver Laxe, que vén de recibir o premio Gaudí como mellor filme europeo.

O venres tocaralle o turno a "Longa noite", de Eloy Enciso, que obtivo un premio no festival

de Locarno, que confirma que o cinema galego xa rompeu unhas cantas barreiras e está levando a nosa cultura polo mundo adiante.

No sábado poderase desfrutar de "Eroski paraíso", codirixida por Xesús Ron e Jorge Coira.

Logo proxectarase "A quien hieirro mata", de Paco Plaza, que vén de trunfar nos premios Feroz. Ao inicio, proxectarase a peza "Abuelitos" e a a semana pecharase con



O Concelleiro de Cultura, Jesús Celemin, presentou a Semana de Cinema Galego.

"Feedback", de Pedro C. Alonso.

Con entrada gratuíta, o público poderá corroborar desde a butaca

a calidade do que se realiza no país e que está recibindo recoñecementos a nivel internacional.

O Goberno local declarará A Coruña como "cidade 30"

O concelleiro Juan Manuel Díaz Villoslada anunciou a intención de reducir a velocidade na circulación da cidade e afirmou que traballarán por humanizala cunha rolda peonil desde San Diego ata o Agra e confirmou que xa tramitaron na Xunta a extensión do percorrido urbano dos buses ata Santa Cristina. Lanzarase una nova app para poder pagar no bus sen necesidade dunha tarxeta. Desde Mobilidade, están ultimando co Citic da Universidade os traballos para adaptaren a app e que valla para o bus urbano e Bici Coruña.

Estas melloras iranse incorporando ao proxecto que se enmarca dentro da Estratexia EidosCoruña, que está financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do eixo de desenvolvemento urbano do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 e co que se dispoñerá de paradas intelixentes nos principais nodos da cidade.

O concelleiro Juan Manuel Díaz Villoslada anunciou tamén que na próxima mesa de mobilidade aprobarán a declaración da Coruña como "cidade 30", nesa intención

de aumentar a presenza peonil e seguindo a estela doutras para que teña unha limitación de velocidade na circulación a 30 quilómetros por hora. A Coruña incorporárase á Rede de Cidades que Camiñan. Tamén se pretende regular a circulación dos Vehículos de Mobilidade Persoal (VMP), "os patinetes, pero tamén outros", tendo en conta a instrución técnica anunciada pola Dirección Xeral de Tráfico (DXT) a finais de 2019.

En todo este proceso, Villoslada engadiu que seguirán humanizando e peonalizando os eidos comerciais e outros puntos



O concelleiro Juan Manuel Díaz Villoslada

que necesitan unha mellor calidade urbana do seu espazo público. Esa rolda peonil sumarase a outras actuacións como "converter Santo André nunauténtico bulevar, estender o modelo da Mariña á praza de Mina, e traballar máis a humanización do entorno da praza de Lugo e Catro

Camiños. Neste aspecto, Villoslada asegurou que están traballando a partir de documentos elaborados polos executores do anterior Plan de Mobilidade Urbana Sostible, e que nese contrastar de datos, están tamén colaborando os grupos de investigación da Universidade.

O novo portal web do Concello achega á cidadanía a actualidade da Coruña dunha maneira máis sinxela e intuitiva

O concello da Coruña estreou a súa nova páxina web cun deseño máis moderno, sinxelo e intuitivo para a cidadanía e que está pensado para usar desde os dispositivos móbiles, xa que, segundo os datos, máis do 50% dos coruñeses e coruñesas acceden á web a través do seu smartphone. O obxectivo está en mellorar os servizos que se prestan en Internet a través dun único portal onde están integradas todas as webs municipais.

A nova web é o arranque dun Plan de Mellora Continua da Calidade da Comunicación que quere levar a cabo o Goberno nos próximos anos. De feito, todas as páxinas levan un formulario feedback en que a veciñanza poida suxerir melloras ou comunicar erros. "Non buscábamos un simple cambio estético, senón dar un primeiro paso de cara ás próximas fases que imos acometer", explicou o concelleiro Manuel Lage.

Entre os futuros retos destaca a mellora da usabilidade da sede electrónica sede.coruna.gob.es (EIDUS), da oficina virtual tributaria, do sistema de presentación e consulta de avisos, queixas e

reclamacións, da evolución do portal de mobilidade, así como o progreso no portal web de transparencia e novo portal de datos abertos (RED.ES Cidades Abertas) e no portal de Deportes coa información de carreiras populares e a reserva das instalacións deportivas a través da web.

A nova páxina é máis útil e está máis orientada aos usuarios e as usuarias, explicou o edil de Rexime Interior, José Manuel Lage, que sinalou que o 30,1% das interaccións da cidadanía co Concello se fan a través do espazo virtual "e queremos que ao final do mandato nos acerquemos ao 50%, mellorar todos os procedementos utilizando a tecnoloxía". Na actualidade, unha media de 9.930 usuarios utilizan a web cada día, unha cifra que o executivo confía en superar antes de que finalice o mandato alcanzando os 13.000 persoas usuarias.

Para levar a cabo a renovación da web fíxose un estudo da usabilidade que incluíu 19.000 enquisas á cidadanía e consultas a persoas expertas e persoal municipal que serviron para identificar as necesidades reais, así como as áreas de mellora da web. Como

resultado, fíxose un redeseño das seccións con máis demanda: o asistente de temas, cun índice da información clasificada por temas para facilitar a procura da información, a axenda de ocio, con todos os eventos unificados nun mesmo espazo onde os usuarios e usuarias terán a oportunidade de subscribirse para recibir no seu correo electrónico a axenda de lecer da cidade.

E, por último, Comunícame, onde se aglutinan todos as canles de comunicación co concello, xa que a interacción entre o usuario e a web é outro dos aspectos que se pretende fomentar.

A web presenta novos espazos dedicados á mobilidade, aos deportes, que recollen toda a información destes ámbitos, e aos espazos públicos e infraestruturas. Outros dos servizos incluídos son os visores do planeamento urbanístico e de avisos de incidencias en navegador web e móbil.

Durante 2019 presentáronse 32.306 solicitudes telemáticas dun total de 107.307. A mobilidade, a tarxeta Millennium, os avisos de tráfico, e a estación de autobuses foron os principais temas de interese.

Rey mostra a súa satisfacción por conseguir un consenso que permitirá que a cidade avance



Alcaldesa, Inés Rey, participou nos Almorzos Institucionais, organizados por Ascega (Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia), e realizou unha valoración dos orzamentos municipais dos que destacou o seu carácter social e os proxectos de sustentabilidade ambiental que contemplan cun especial interese na mellora da mobilidade urbana. A rexedora felicitou o colectivo polos dez anos de traxectoria, xa que "o voso labor é importantísimo para acubillar e asesorar as persoas autónomas e profesionais de empresas pequenas e medianas, por defender os seus intereses e apoiar o emprendemento".

Recordou tamén o papel de Ascega por mediar entre quen trata de buscar ocos no mercado

e as administracións públicas e as actividades que organiza como o encontro de hoxe para informar de primeira man de cuestións que atinxen ás socias e socios e que, neste caso, lle permitirán avanzar á cidade. Con respecto ás partidas, Rey sinalou que está tranquila por ter o traballo feito e contar cunhas contas expansivas que favorecerán unha acción de goberno máis ampla baseada na reactivación económica e na garantía dos servizos sociais e públicos, así como no cumprimento da axenda 2030. Rey remarcou o esforzo realizado polo edil de Facenda, José Manuel Lage, e o seu equipo para conseguir un equilibrio entre ingresos e gastos e agradeceu as propostas presentadas polas distintas forzas dentro dunha negociación "imprescindible e necesaria".

Galicia

Redacción SANTIAGO

Santiago logrou no 2019 un novo récord de pernoctacións nos hoteis da cidade

Os hoteis de Santiago de Compostela rexistraron 1.466.282 pernoctacións no 2019, segundo os datos do INE. É a maior cifra de pernoctacións anuais rexistrada nunca na cidade, superando as cifras que se conseguiron no último Ano Santo, celebrado no 2010, cando se contabilizaron 1.430.183 pernoctacións.

No ano 2019 gañáronse máis de 100.000 pernoctacións con respecto ao 2018, cun crecemento de practicamente o 8%. Trátase dun crecemento importante, que supera amplamente o crecemento medio que se produciu en España, que foi do 0,9%.

Os turistas españois sumaron 831.389 noites de hotel en Santiago, cun crecemento do 9,87% respecto do ano anterior. Pola súa banda, os turistas internacionais rexistraron 634.893 pernoctacións, un 5,47% máis.

As cifras de 2019 conseguíronse grazas a unha desestacionalización da demanda respecto do ano anterior. Os meses con maiores crecementos foron: abril,



cun 19% máis; outubro, cun 17% máis; decembro e maio, cun 15% máis; e febreiro, cun 11% máis. Pola contra, en xullo mantivéronse as cifras do ano anterior, e en agosto houbo unha lixeira baixa do 2%.

O aeroporto de Santiago tamén conseguiu un novo record no ano 2019, con 2.903.427 pasaxeiros. Gañáronse máis de 175.000 pasaxeiros respecto do ano 2018, cun crecemento do 6,5%.

O aeroporto leva crecendo seis anos consecutivos. Dende o ano 2013 gañou máis de 800.000

pasaxeiros, cun crecemento acumulado do 40%. Con estes datos, o aeroporto de Santiago consolidou o seu posicionamento como principal aeroporto de Galicia, con máis do 55% da cuota de mercado, dous puntos máis que no 2018.

Pola súa banda, o Camiño de Santiago tamén conseguiu no 2019 un novo máximo histórico, con case 350.000 peregrinos e un crecemento do 6% respecto do 2018. Cabe destacar que houbo 183.237 peregrinos internacionais, que superaron en case 40.000 aos peregrinos españois.

O proxecto europeo TRAFAIR permitirá instalar 10 sensores de calidade do aire nas zonas de máis intensidade de tráfico

A través do proxecto TRAFAIR en Compostela instalaranse 10 sensores de calidade do aire nas zonas de máis intensidade de circulación.

TRAFAIR (Understanding Traffic Flows to Improve Air Quality) é un proxecto europeo no que participan o Concello de Santiago de Compostela, o CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia) e a USC (Universidade de Santiago de Compostela), xunto a outros seis socios comunitarios. O seu obxectivo é estudar a calidade do aire en función das condicións climatolóxicas e do tráfico rodado. Os resultados que se acaden permitirán ás administracións ter datos que permitan cuantificar a polución no aire e o xeito en



Xornada do Proxecto TRAFAIR no edificio Cersia Empresa

que se distribúe polas cidades; e adoptar as medidas necesarias para diminuír dito impacto. Ao mesmo tempo, permite concienciar a cidadanía e as institucións públicas sobre a calidade do aire que respiramos.

O concello de Santiago percibirá 126.795 euros de fondos europeos para desenvolver TRAFAIR, aos que hai que sumar a súa aportación de 42.265 euros.

En total, destinará ao proxecto 169.060 euros.

A esta cifra súmase ás cantidades da USC e do CESGA, tamén socios do proxecto, que en total ascenden a 240.750 euros no caso da universidade, e a 129.470, no caso do Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia. O proxecto TRAFAIR finalizará o próximo 31 de outubro

A Policía Local fará controis no transporte escolar entre o 3 e o 7 de febreiro

A Dirección Xeral de Tráfico pon en marcha unha nova campaña de control do transporte escolar. No marco da mesma, a Policía Local realizará inspeccións entre o 3 e o 7 de febreiro, e o seu obxectivo é revisar que se cumpran os requisitos obrigatorios relativos ao transporte de menores en idade escolar, como o uso do cinto de seguridade, o acompañamento dunha persoa adulta autorizada ou a documentación actualizada

do vehículo.

Xunto aos controis dos vehículos escolares, a Policía Local tamén controlará os camiños pedestres que son utilizados como rutas escolares. A sinalización axeitada, a observación do tráfico por parte dos escolares e adultos que os acompañen e a observación das normas que afectan aos peóns son esenciais para a seguridade do alumnado durante os traxectos de ida e volta dende os centros escolares.

A Corporación aproba un crédito extraordinario para a execución das obras da rúa dos Concheiros

O Pleno municipal, na sesión ordinaria de xaneiro, aprobou a modificación de crédito pola que se habilita un crédito extraordinario de 800.000 euros, destinado a atender os compromisos

de execución da obra da rúa dos Concheiros. A Corporación tamén deu o visto bo á adhesión do Concello ás asociacións de concellos do Camiño da Ría de Muros-Noia e de Fisterra e Muxía.

O "II Concerto Benéfico NormalizAutismo" celebrarase o vindeiro 7 de febreiro no Teatro Principal

NormalizAutismo Galicia" é unha entidade sen ánimo de lucro promovida por familiares e amigos de persoas con trastornos do espectro do autismo (TEA). Preocupados por mellorar a calidade de vida e por promover o exercicio efectivo dos dereitos destas persoas, xurde a necesidade de ir máis alá dirixindo todo o esforzo cara á sociedade galega mediante o desenvolvemento de campañas sociais e de información, repartidas durante todo o ano.

"NormalizAutismo Galicia" organiza o "II Concerto Benéfico NormalizAutismo", que se celebrará no Teatro Principal de Santiago de Compostela o vindeiro 7 de febreiro e pretende ter un

concepto de gala benéfica na que se combinarán actuacións musicais cun labor de información aos asistentes sobre as principais aptitudes e/ou dificultades que as persoas con trastorno espectro autista manifestan, para contribuír a unha convivencia máis inclusiva, aberta e bidireccional.

Guadi Galego estará acompañada doutros artistas galegos como Luís Fercán, Jorge Casal, David Prado, Xabier Vizcaíno, Silvia Penide e Álvaro Iglesias. Outros artistas nacionais como Rebeca Jiménez, Fran Fernández, Dani Hare, Yoli Saa, Adriana Moragues y Vicky Gastelo sumaranse coa súa colaboración a esta iniciativa de normalización e visualización do trastorno espectro autista.

Por Moncho Mariño

Suso Cebeiro, da asociación Xenerais da Ulla de Santiago

“Vimos de recuperar o Entroido dos Xenerais na parroquia do Castiñeiriño en Santiago”

Un dos entroidos máis rechamantes que existen en Galicia é o dos Xenerais da Ulla. Unha tradición que se recolle desde o século XIX, cando tras as guerras cos franceses e as guerras carlistas, os veciños e veciñas quixeron facer burla dos primeiros e logo engadiron

elementos dos segundos para disfrazárense no Entroido. Suso Cebeiro foi ata hai pouco presidente da Asociación Xenerais da Ulla de Santiago, que pretende unir os esforzos das parroquias rurais de Compostela para que non se perda esta tradición.



-Cal é a historia desta tradición de vestir uns uniformes rechamantes e coloridos?

Vén da guerra dos franceses, da invasión napoleónica. Cando os franceses quixeron entrar na zona da Ulla, unha das batallas máis fortes foi en Ponte Ledesma. As tropas francesas cando viñan cara Santiago e Coruña, os veciños da Ulla fixeron fronte como puideron, mais despois as tropas francesas eran máis poderosas e logo seguiron avanzando. A idea detrás disto é querer burlarse das tropas francesas. Logo tamén se colleu como referente para os traxes as batallas como a de Cacheiras contra os carlistas. De aí veñen esas plumas nos sombreiros, da burla ás plumas

que levaban os xenerais franceses. Antes, as familias con máis poder económico levaban plumas de pavo real, os que menos levaban plumas de faisán ou de capón da casa. Hoxe en día evolucionou, búscase que as vestimentas sexan o máis elegantes posible.

-Os xenerais teñen que ir sempre a cabalo?

Si, efectivamente, unha das partes máis importantes do entroido da Ulla é a figura do cabalo. Iso porque os xenerais sempre ían a cabalo. Os animais para o entroido son pedidos prestados, na zona onde eu son porque lle gusta moita xente ten cabalo, que tamén van engalanados. Todo o mundo ten aparellos para levar, son cousas

que se prestan entre veciños.

-Quen fai os uniformes?

Eu teño o meu e hai moita xente que ten o seu propio. Con todo as asociacións teñen roupa para as parroquias, confeccionan eses traxes para o entroido. O prezo de cada uniforme depende do valor que lle queiras poñer ao traxe. Con todo, se lle engades moito traballo, pode andar sobre os tres mil euros. Tamén hai algunhas parroquias que nos prestamos traxes e cabalos, para que quede o máis elegante posible.

-Recuperouse este entroido nalgún lugar onde non se celebrara xa?

Por exemplo, agora vén de recuperarse esta tradición na parro-

quia do Castiñeiriño, en Santiago. Ademais son oito os concellos da Ulla que celebran este entroido, Silleda, Teo, A Estrada, Vila de Cruces, Santiago, Boqueixón, Vedra e Touro. O certo é que a xente involucrada fixo que este entroido chegase a ser coñecido tanto nacional como internacionalmente.

-As datas son organizadas polos concellos segundo ven oportuno?

Si, mesmo hai veces que as datas coinciden. Este ano comezou cunha presentación en Santiago. A partir do 8 de febreiro e durante todo o mes, hai entroidos en todos os concellos da Ulla. Por outra parte, o traballo dos técnicos que solicitan as subvencións á Xunta para cartelería, folletos e

partidas tamén da Deputación da Coruña para este tipo de eventos. Logo Turismo de Galicia ten feito un traballo moi bo levándonos a Fitur.

-Cando se formou e como funciona a Asociación dos Xenerais da Ulla?

Fundouse hai seis anos a nivel do rural en Santiago. Sei que hai asociacións noutros concellos. A raíz de que o entroido da Ulla foi considerado de interese turístico. Unímonos as diferentes parroquias onde aínda se celebraba, para que houbera xuntanza entre as parroquias do rural de Santiago para que non se perdera aquí o entroido. Hai que dicir que é un traballo laborioso.

Amplo abano na programación da biblioteca José Saramago e das Aulas de Xogo dos Centros Socioculturais para o semestre

Do programa de actividades da biblioteca José Saramago, que engloba as aulas de lectura dos Centros Socioculturais de Fontiñas, de Santa Marta, de Vite, de Conxo e do Castiñeiriño, Javier Fernandez destacou que "é unha programación pensada tanto para os pequenos lectores usuarios das bibliotecas, como para persoas adultas. Unha programación, engadiu, "deseñada en clave cultural, e tamén como non, en clave feminista, na que adquiren protagonismo importantes figuras galegas".

Entre as actividades programadas en xaneiro, estiveron as do día 30, adicado Castelao. En febreiro, o día 20, con motivo do Día Internacional das Mulleres na Ciencia, celebrárase unha mesa redonda e unha charla coordinada

pola decana da Facultade de Matemáticas, Elena Cendón. E o martes, 24 de febreiro, a protagonista é Rosalía de Castro. Recordárase con lecturas e actividades ao redor da súa figura, e cunha visita á Casa Museo de Rosalía.

O 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, os clubs de lectura contarán cunha selección de textos e libros feministas. Será o tema no que se centrará o debate da semana, no que tamén hai programados relatorios e obradoiros para mellorar as relacións emocionais entre persoas a través dunha óptica de xénero, que serán impartidos por Reina Dhore e Santi Giménez. O teatro terá tamén o seu espazo, coa representación da obra "A estraña familia" por parte do grupo Martabelas.

En abril celébrase o Día Inter-

nacional do Libro Infantil e Xuvenil e o Día Internacional do Libro, cunha programación na que colabora GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil). Están programadas exposicións, lecturas, obradoiros, trocos de libros, mesas de intercambio, agasallos, e solta de libros ou bookcrossing.

Maio centrarase na figura de Carvalho Calero, a quen se lle adica este ano o Día das Letras Galegas, cun programa que se presentará máis adiante, igual que as propostas específicas para conmemorar o bicentenario do nacemento da escritora e feminista Concepción Arenal.

Tamén se van programar actividades en torno á figura de Domingo de Andrade, (Cee 1639 - Santiago 1712), arquitecto, escritor e entallador entre outros

oficios. Ademais de coñecer os seus escritos, está prevista unha andaina no mes de abril polo barroco compostelán, do que Domingo de Andrade foi clave para a súa introdución na cidade.

Este ano celébrase o centenario do nacemento de Isaac Díaz Pardo, que dará pé, nos clubs de lectura, para afondar na súa faceta de escritor e ensaísta. Tamén este ano é o centenario do establecemento de Federico García Lorca na Residencia de Estudiantes en Madrid, unha efeméride que servirá para redescubrir a súa obra e as poesías que escribiu en Santiago. Xa no mes de xuño, hai programados distintos paseos literarios por Compostela.

Actividades das aulas de xogo

A liña de traballo das aulas de xogo xirará en torno ao mundo

natural, e centrarase nos catro elementos que o conforman: terra, aire, auga e lume. Ademais, tanto os obradoiros como os xogos organizaranse por semanas temáticas, arredor dos días declarados de interese internacional.

Por exemplo, o 11 de febreiro, Día Mundial das Mulleres e as Nenas na Ciencia, as cativas e cativos xogarán a ser científicas. Ou o entroido, onde está previsto construír elementos propios desta data. En marzo celebrárase, nas Aulas de Xogo, o Día Mundial da Natureza e o Día Internacional dos Bosques. En abril, o Día do Libro Infantil, Día da Terra, e en maio, o Día Internacional do Xogo. En xuño, coincidindo co San Xoán, os máis pequenos poderán coñecer as herbas máxicas propias dese día.

Galicia

Redacción A CORUÑA

O trimestre invernal de Poetas Di(n)versos conecta o Cono Sur e Luxemburgo con Galicia

O ciclo Poetas Di(n)versos coordinado por Yolanda Castaño, recibirá entre xaneiro e marzo, no centro Ágora a poetas do Cono Sur, que se mesturarán con voces galegas e do primeiro autor luxemburgués nestes once anos de lecturas poéticas públicas.

O ciclo comezou precisamente con Jean Portante, que acaba de publicar en España "La reinvención de la sombra". Trátase dun autor moi recoñecido no mundo francófono tras 40 volumes publicados de diversos xéneros e traducido a moitas linguas. Polo conxunto da súa obra, gañou o Premio Petrarca

en París, o Gran Premio da Sociedade de Escritores e o Premio Nacional de Luxemburgo.

Ao seu carón, interpretou as súas composicións o lugués Luís Valle, un escritor en absoluto ascenso que se vén consolidando como un dos mellor considerados dos últimos anos tras obter galardóns como o Lueiro Rey, o Eusebio Lorenzo Baleirón ou o da Afundación. Autor doutros trinta títulos de distinta natureza, desenvólvese na xestión cultural e a comunicación e acaba de presentar o libro "Óstraka".

O 10 de febreiro, un dos poetas máis consagrados do mundo his-

pánico, o arxentino Hugo Mújica, darase a man cunha poeta combarresa que está a vivir o seu mellor momento: Tamara Andrés, autora dos recentes poemarios "Irmá paxaro" e "Bosque vermello". En marzo, o recital poético do luns 16 revestirá ecos experimentais e de vangarda ao convidar o uruguaio Rafael Courtoisie e o ourensán radicado na

Coruña, Claudio Pato. Se o segundo dirixiu a Galería Sargadelos da rúa Real e editou o seu último poemario "Draga" en 2018, o académico é Premio Loewe e Premio Casa de las Américas, e publicou hai poucos meses "El libro



de la desobediencia" en España.

O décimo primeiro ano consecutivo da cita continuará ata xuño, que é a única de carácter periódico con poetas internacionais (ademais de locais) en todo o Estado. En 2014 foi distinguida co Premio da Crítica de Galicia á Mellor Iniciativa Cultural. As sesións están progra-

madas os luns ás 20.30 horas, con traducións ao galego e cun acceso aberto e gratuito. Polo auditorio do Ágora seguirán a pasar distintas librarías de proximidade que poñerán á venda os exemplares das/os poetas convidadas/os, por se o público quixese aproveitar para levar unha sinatura.

O Concello garante a gratuidade do ensino de 0 a 3 anos coa reforma do regulamento das escolas infantís e cunha partida de 479.000 euros

O Goberno local garantiu a gratuidade do ensino de 0 a 3 anos nas escolas infantís municipais para o próximo curso 2020-2021 coa posta en marcha da modificación do regulamento local das escolas infantís. Un trámite, lembrou o edil de Educación, Jesús Celemín, "que deberá ser aprobado polo Pleno". Esta medida beneficiará a preto dos 829 nenas e nenos que asisten a algún dos nove centros de titularidade municipal (a escola de Padre Rubinos está xes-

tionada pola entidade a través dun convenio co Concello).

Para sacar adiante a reforma do regulamento, reuníronse en María Pita representantes do Goberno local e de Marea Atlántica, xa que esta medida forma parte da axenda social pactada entre ambas as formacións no acordo programático asinado no mes de xullo. O edil de Educación cualificou este encontro de "moi frutífero", xa que permitirá avanzar no estudo das distintas propostas "que se analizarán con

máis detalles nos próximos días para as incluír nun novo regulamento que deberá estar listo en marzo".

Ademais da reforma do regulamento, é imprescindible contar cunha partida económica que xa aparece reflectida nos orzamentos para este ano. Tal e como expuxo o portavoz, José Manuel Lage, o Goberno local destinará 479.000 euros a garantir a gratuidade "primando os criterios de renda pensando nas familias que teñen menos recursos".



Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

A Xunta presenta unha proposta para o Cuartel de San Fernando

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, mantivo unha xuntanza con representantes da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da Provincia de Lugo, entre eles co seu presidente Ángel Trabada, para explicarlles o proxecto integral para o impulso do turismo cultural que promove o Goberno Galego na cidade.

Balseiro sinalou que se trata “da única proposta de futuro para o cuartel de San Fernando que está avalada por un estudo de viabilidade”. Este estudo destaca que o parador museo crearía un mínimo de 30 empregos directos “e tería un notable efecto multi-

plicador na cidade”, segundo sinalou o delegado.

O delegado da Xunta defendeu que o plan autonómico é un importante instrumento de dinamización económica que beneficiaría en primeira instancia aos sectores turístico, cultural e comercial. “Dende a Xunta de Galicia non queremos unha cidade con máis locais en venda ou alugueiro que con negocios funcionando”, engadiu.

Prevé un grao de ocupación do 70% e unha facturación de máis de 1,6 millóns de euros o primeiro ano. Axudaría a internacionalizar o destino, xa que o 36,4% dos viaxeiros da rede de Paradores son estranxeiros cando

actualmente en Lugo a cifra de visitantes que proceden doutros países sitúase no 15%, e ampliaría o público potencial de Lugo sen xerar unha competencia directa con outro tipo de establecementos. Ademais da zona de aloxamento e restauración, e do espazo museístico, acollería outros eventos que complementarían a oferta de actos culturais e sociais da capital.

Financiación

O delegado subliñou que tamén existe un compromiso orzamentario firme do Goberno galego para asumir o 50% do orzamento de rehabilitación do antigo cuartel, estimado en 10,8 millóns de euros e todo iso a pesar de ser un inmovible de titularidade cen-



Membros da Asociación Amigos do Camiño de Santiago.

por cen municipal. Igualmente, cabe lembrar que a Xunta recuperaría para usos culturais e turísticos o Pazo de Dona Urraca e a Casa Torre, continuando coa rexeneración urbanística e social do barrio da Tinería.

Neste sentido, insistiu en que “non debemos renunciar a nada: queremos o parador e máis o museo, aproveitando parte do espazo do cuartel e as instalacións do Muhl, que están claramente infrutilizadas”.

A Organización de Produtores do Porto de Celeiro reciben apoio económico

A Consellería do Mar concedeu unha achega de 317.800 euros á Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Celeiro (OPP-77) para apoiar a preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización desenvolvidos por esta entidade.

Ambas partes abordaron as liñas de colaboración en marcha nunha xuntanza na que participaron, entre outras persoas, o delegado territorial da Xunta, José Manuel Balseiro; e directivos da OPP e de Porto de Celeiro: Eduardo Míguez, Jesús Lourido, José Novo e Sergio Blas -presidente e xerente de Porto de Celeiro, respectivamente-; e o patrón maior de Celeiro, Domingo Seijas.

Balseiro salientou que a Xunta publica anualmente esta convocatoria de axudas ao amparo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca para dar apoio financeiro á actividade destas organizacións, “que xogan un importante papel na xestión da pesca, mellorando a comercialización dos produtos e exercendo as actividades pesqueiras de forma sustentable”.

O traballo desenvolvido nese sentido pola OPP-77 inclúe ac-



cións encamiñadas á promoción dos produtos da pesca do porto de Celeiro, xestión de cotas e frota dos asociados, organización de xornadas pesqueiras como punto de encontro do sector ou aplicacións para mellorar os procesos de trazabilidade.

Segundo destacou o delegado, Porto de Celeiro “é coñecido nacional e internacionalmente pola extraordinaria calidade dos produtos que comercializa”, con especial relevancia a pescada do pincho capturada pola frota celeirense, amparada co selo de pesca sostible Friend of the Sea.

Balseiro trasladou a aposta da Xunta por apoiar o reforzo das estruturas das OPP dado que son claves “no impulso da actividades

pesqueiras viables e sostibles”. Nese sentido, lembrou que as axudas concedidas pola Consellería de Mar nesta convocatoria anual poden destinarse a financiar tanto o propio funcionamento da organización como as accións en beneficio do sector, sempre que estean recollidas no plan.

Entre outros, son conceptos subvencionables os gastos de persoal, a contratación de empresas externas ou profesionais independentes, obras e adquisición de bens e subministracións, convenios de colaboración con organismos científicos e outras entidades, ou gastos derivados de feiras, congresos, cursos, reunións, xornadas ou eventos semellantes.

Residencia canina para A Pobra do Brollón



A Xunta de Galicia, a través do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ribeira Sacra-O Courel, apoiou cunha achega de 41.300 euros a posta en marcha dunha residencia canina e felina que tamén conta con centro de cría canina no concello da Pobra do Brollón. O delegado da Xunta, José Manuel Balseiro, visitou as instalacións acompañado do alcalde, José Luis Maceda; o presidente do GDR, José Manuel Arias, e a promotora da residencia, Xenia Monterde, entre outras persoas. Balseiro explicou que a achega autonómica foi do 48,5% do orzamento deste proxecto, que permitiu implantar na Pobra do Brollón un servizo do que carecía a zona. O delegado afirmou que os investimentos produtivos

dos GDR “contribúen á diversificación da economía local e á creación emprego”.

A actividade da residencia Küky permitiu consolidar un emprego -o da promotora- e crear un posto de traballo a media xornada. Nas súas instalacións conta cunha pista Agility, dúas zonas de xogo para os animais e 5.000 metros cadrados de terreo para correr. O delegado salientou a importancia de que a Administración destine recursos a estimular o emprendemento “para reforzar o tecido económico e empresarial no medio rural” e lembrou que xunto aos proxectos produtivos, os GDR financian tamén outros non produtivos que redundan na mellora dos servizos do medio rural e na calidade de vida dos seus veciños e veciñas.

Mellora da eficiencia enerxética nun instituto de Chantada

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publica na plataforma Contratos de Galicia a licitación da rehabilitación enerxética do IES Lama das Quendas (Chantada) por un importe de 665.658,39 euros. O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, mantivo no instituto unha xuntanza co alcalde, Manuel Lorenzo Varela, e con representantes da comunidade educativa para dar a coñecer os detalles do proxecto. As empresas interesadas en presentar ofertas teñen de prazo ata o día 31 de xaneiro.

As actuacións centraranse na mellora da eficiencia enerxética do centro, a través da colocación de illamento de fachada polo exterior mediante sistema SATE. Así mesmo mudaranse as actuais fiestras por unhas novas de carpintería de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre baixo emisor. Tamén se substituirán as persianas, que levarán illante térmico interior.



Reunión informativa no IES Lama das Quendas de Chantada.

A maiores a obra contempla a reparación da cuberta do polideportivo e a substitución do termo dos vestiarios. Os traballos completaranse coa reparación e pintado de paramentos, a renovación dos aseos -incluído novo mobiliario, fontanería e saneamento-, e co abrillantado do pavimento de terrazo.

Balseiro salientou que a Xunta inicia o proceso de contratación dunha obra que ten previsto executar este mesmo ano, no que o instituto de Chantada ce-

lebra o seu 50 aniversario.

Segundo as previsións que manexa a Consellería, o proceso de licitación e adxudicación das obras estará rematado antes do vindeiro xuño. Os traballos teñen un prazo de execución de 2,5 meses. Esta é unha das oito obras de rehabilitación enerxética que a Consellería de Educación ten previsto executar ao longo deste ano 2020 en diferentes concellos das catro provincias e que están xa licitadas por un importe total de 5.630.183,89 euros.

Medio Ambiente destina máis de 50.000 euros a Quiroga



Conselleira e alcalde reunidos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda colaborará co concello lucense de Quiroga co fin de acometer unha serie de obras de mellora e humanización en varias prazas e espazos públicos deste municipio. Así o acordaron a conselleira Ángeles Vázquez e o alcalde Julio Álvarez coa firma dun acordo de cooperación en virtude do cal a Xunta se compromete a asumir o 70% do custo das actuacións e o concello achegará o 30% restante. Concretamente, a Consellería achegará 53.170,97 euros na anualidade de 2020 e o municipio outros 22.787,56 euros.

As obras previstas -cun custo

estimado de case 76.000 euros- inclúen varias intervencións en prazas e zonas verdes do municipio. Concretamente, acometerase a humanización das prazas de San Martiño e na de cálea Lago co fin de crear o seu respectivo espazo público; no parque da Igrexa melloraranse as condicións de seguridade e salubridade da zona de xogo infantil; na área verde localizada entre os edificios municipais da Casa da Cultura e do Centro Social, mellorase o vello estanque, actualmente sen uso e non apto para a súa utilización, co fin de reconvertelo nun espazo verde de lecer de uso público, e na praza de España actuarase sobre o equipamento e o revestimento.

San Miguel de Constante, en Guntín, terá local social

A Xunta de Galicia, a través do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) da comarca de Lugo, apoiou a construción dun local social promovido pola asociación de veciños de San Miguel de Constante -Os Churrasqueiros-, no municipio de Guntín. Os veciños recibiron unha axuda de 43.300 euros dos fondos Leader, o que supón o 70% do investimento total (69.000 euros). O representante da Xunta estivo acompañado pola alcaldesa de Guntín, María José Gómez Rodríguez, e o presidente do GDR, José Ángel Santos, ademais de representantes da asociación veciñal. Este colectivo impulsou o proxecto co obxecto de dispor na parroquia dun local para destinalo a diferentes usos socio-culturais, como a celebración de



xuntanzas e actividades lúdicas, deportivas e culturais.

O inmoble está situado no campo da festa. Segundo destacou o delegado territorial, será "un local social de referencia nesta parroquia", que conta con arredor dun cento de veciños e veciñas. "A nova instalación facilitará á

asociación veciñal a organización e desenvolvemento das súas actividades, dado que non existía ningún outro local na parroquia", dixo Balseiro, quen puxo de relevo a importancia da medida Leader para a dinamización tanto económica como social e cultural do medio rural galego.

MARTIRENA



Funergal celebrárase en maio en Expourense

Funergal, a Feira Internacional de Produtos e Servizos Funerarios, chega á súa 11ª edición cargada de importantes novidades. A primeira delas é o cambio de data, pasando a celebrarse no primeiro semestre do ano a pedimento do comité asesor. Celebrárase en Ourense entre o 21 e o 23 de maio. A outra gran novidade é que Funergal albergará o Congreso Internacional de Directivos Funerarios, o que posicionará a esta cita como o gran punto de encontro internacional do sector con Europa e América Latina como continentes

destacados.

En Expourense celebrouse a primeira reunión do comité asesor de Funergal 2020 na que participaron unha quincena de expertos de España e Portugal e na que se presentou a estrutura da próxima edición que será a seguinte: o Congreso Internacional de Directivos Funerarios celebrárase o xoves 21 de maio e a feira os días 22 e 23. O cambio á estación primaveral permitirá ademais complementar o programa de feira con actividades paralelas que ofrecerán aos expositores e visitantes (que adoitan proceder dun-

ha decena de países) a oportunidade de coñecer os recursos turísticos da provincia de Ourense.

Abordaranse temas como o respecto ao Medio Ambiente ou a transformación dixital do sector. Entre as actividades confirmadas xa para esta edición destaca tamén a exposición sobre Cemiterios do Mundo que vai organizar A Guía Funeraria.

Consolidada como un gran punto de encontro internacional do sector, a próxima edición de Funergal terá o obxectivo de fomentar o negocio e a competitividade das empresas participantes a través



Primeira reunión do comité asesor de Funergal.

de accións como misións comerciais con importadores de mercados de interese para España e Portugal. Cabe destacar que gran parte dos expositores da última edición manifestaron xa a súa intención de repetir a súa participación.

Funergal é a única cita feiral internacional do sector funerario que se celebrará en 2020 na Pe-

nínsula Ibérica e que se posicionou entre as grandes feiras mundiais do sector. A participación na última edición de 111 expositores procedentes de 14 países, a presenza dos grandes grupos empresariais de España e Portugal e as máis de 4.000 visitas, consolidaron a Funergal como o mellor foro profesional.

11

EDICIÓN

funergal

FERIA INTERNACIONAL DE PRODUCTOS Y SERVICIOS FUNERARIOS

21-23
MAYO
2020

OURENSE
GALICIA
ESPAÑA

www.funergal.com

Organiza:

Miscelanea

Rego comprométese a ser a voz de Ourense no Congreso en Madrid

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, mantivo un encontro coa veciñanza de Ourense para falar sobre o papel da organización política na cámara baixa do Estado. No acto tamén estiveron a deputada no Parlamento, Noa Presas, e o voceiro municipal, Luis Seara.

O voceiro municipal, Luis Seara, afirmaba que o BNG "vai a Madrid sen as mans atadas co único compromiso que tiñamos e temos: o pobo galego". Para Seara, ficou en evidencia que os anos nos que o BNG non tivo representación no Congreso "foron enormemente negativos para Galiza" illándoo fora do debate político estatal.

Por outra banda, a deputada no Parlamento de Galiza, Noa Presas, destacou que co acordo de investidura que logrou o BNG- sendo o voto decisivo- conseguiu moitas máis melloras para o país que os dez anos de goberno do Partido Popular de Feijóo á fronte da Xunta de Galiza. "O BNG é unha forza política

a alza e preparada para calquera reto. Ourense ten un deputado e hai que celebrar que rompíamos con catros anos de ausencia no Congreso dende Olaia Fernández" indicou Presas.

Asemade, a deputada Noa Presas asegurou que canta máis forza teña o BNG "menos capacidade terá o PP para tapar as cuestións prioritarias deste país e as súas propias contradicións. Levan dez anos contribuíndo dende a Xunta a que Galiza non existira como suxeito político. Dez anos sen iniciativa política". Presas apuntou aos retos do 2020 con optimismo, asegurando que "co BNG no Congreso multiplicarase o que xa fixemos e estamos facendo coa representación de Ana Miranda no Parlamento Europeo: non van conseguir que o pim pam pum da chegada do AVE tape a verdade e reparación de Angrois".

"Conseguir unha Axenda Galega é o piar dende o que nos centramos, tendo a Galiza como eixo único, para as negociacións



Público asistente ao acto con Néstor Rego.

no estado" declarou Néstor Rego. Asemade, engadiu que o BNG centrarase en conseguir melloras na calidade de vida das galegas e galegos. Rego sinalou que na provincia de Ourense, ao igual que na de Lugo e o resto do país, é preciso "modernizar as vías ferroviarias e que as competencias pasen ao goberno galego para podermos establecer unha comunicación ferroviaria de proximidade que permita vertebrar o

noso territorio".

"Unha das nosas prioridades con Ourense será conseguir investimentos reais para ter un ferrocarril e unha conexión viarias dinas. É un elemento de cohesión e vertebración social que Ourense precisa" afirmou Rego. Asemade, destacou que o Ourense precisa que o Estado leve a cabo unhas infraestruturas dignas, como a Estación Intermodal de Ourense, que ten iniciadas".

A Deputación da Coruña convoca axudas a asociacións agrarias e forestais

A Deputación da Coruña convoca dúas liñas de subvencións dirixidas a entidades asociativas agrarias e labregas da provincia, cun orzamento total de 403.000 euros.

Poderán concorrer a estas axudas as asociacións agrarias, labregas, gandeiras e forestais sen ánimo de lucro, así como as cooperativas, sociedades agrarias de transformación, asociación de cazadores e comunidades de montes de man común legalmente constituídas, cun mínimo de 25 socios e con sede en calquera municipio da Coruña.

No apartado de investimentos, as subvencións oscilarán entre os 1.000 e os 24.000 euros e poderán destinarse a cuestións coma acondicionamento de locais, adquisición ou adecuación técnica de maquinaria específica, implantación de novas tecnoloxías ou enerxías renovables, repoboación forestal, etc.

Na liña de actividades, as axudas tamén irán dos 1.000 aos 24.000 euros e poden destinarse ao financiamento de contratación de persoal técnico especializado, labores de implantación e acondicionamento de cultivos, rozas, podas ou tratamentos silvícolas para a prevención de incendios, entre outras cuestións.

O Goberno central dá un mes a Murcia para tirar a censura parental antes de ir aos tribunais

O Executivo murciano recibiu un requerimento do Goberno central para que retire unha medida que constitúe "unha censura previa, que vai incluso contra a liberdade de cátedra", para que "restaure a legalidade" e retire o "veto parental", coñecido como vulgarmente como pin parental. A ministra de Educación, Isabel Celaá dixo que o executivo murciano ten un mes para retirar la instrucións enviadas aos seus centros educativos onde se permitía a censura parental.

A medida impulsada por Vox e aceptada polo Partido Popular e Ciudadanos en Murcia, permite que os pais poidan elixir se os seus fillos poden asistir ás actividades complementarias nas escolas, como poden ser as charlas sobre diversidade LGTBI. Deles tamén é a proposta das clases obrigatorias para o fomento á caza e o maltrato animal...

O líder del Partido Popular, Pablo Casado baséase no artigo 27, que recoñece o

dereito dos pais a decidiren sobre a educación dos seus fillos, para defender esta medida educativa, e vincula a idea de que os nenos "non son propiedade dos seus pais" co pensamento dos gobernos comunistas.

Pablo Casado pensa que os seus fillos son del, que ningún burócrata, nin socialista, nin comunista debe dicirle como educalos, afirmacións que volven situalo á dereita de Vox. Abascal pola súa parte, cunha linguaxe incendiaria di que o goberno pretende arrebatara a patria potestade ás familias e acúsao de perturbado e totalitario. Pon en cuestión as clases de feminismo e de sexualidade comparándoas con corrupción de menores.

En Madrid, PP e Cs discrepan sobre la censura parental á raíz da esixencia da líder de Vox en Madrid, Rócio Monasterio, de que para apro-

bar os Presupuestos de 2020 o "pin parental" debía ser instaurado nos colexios madrileños.

Por una banda, o Conselleiro de Educación e Xuventude da Comunidade de Madrid, Enrique Ossorio, mostrouse disposto a

analizar unha posible proposta sobre a implantación da censura parental sempre que "sexa legal", respecte a autoridade do profesor, a autonomía dos centros e "melloro o sistema". Pero o vicepresidente da Comunidade de Madrid, Ignacio Aguado, declarou que é contrario a que se implante nesta rexión a censura que propón Vox porque "nos colexios ten que haber una educación regrada que non pode ser arbitraria para as familias".

Esta censura parental poderíase aplicar en Andalucía xa que, segundo afirmou o voceiro parlamentario de Vox, Alejandro Hernández, o Goberno andaluz do PP e Ciudadanos comprometéronse a aplicala e a realizar as modificacións normativas necesarias. Esta proposta tamén estaba recollida no acordo presupuestario alcanzado por Vox, PP e Cs en outubro.

(Adaptado do xornal Público)



Vivamos como galegos! **GADIS**

#SOLAR GALEGX MOULA

A man with dark hair, wearing sunglasses, a dark long-sleeved shirt, grey jeans, and a silver chain, is sitting in a brown leather armchair. He is positioned in the center of the frame, between the words 'GALEGX' and 'MOULA' of the large text overlay. The background is a beach scene with waves and a blue sky.

vivamoscomogalegos.com

Galicia

Redacción

Caballero critica a Feijoo que confronte co estado polo AVE e non fale dos retrasos da etapa Rajoy

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, criticou “a dinámica de confrontación co goberno de España” que Feijóo está poñendo en marcha neste ano de eleccións en Galicia, toda vez que o está levando a utilizar “o Consello da Xunta como a xunta directiva do PP”. “Está chegando a puntos inusitados, con faltas de respecto e mentiras”, sinalou.

Neste punto, o líder dos socialistas galegos reprobou que Feijóo inclúa nesa “estratexia desesperada” a chegada do AVE a Galicia, unha infraestrutura coa que o goberno progresista está “comprometido” e que foi obxecto de “parálise e retrasos” durante a etapa de Mariano Rajoy e Ana Pastor, segundo desvelou o Tribunal de Cuentas.

Sobre esas paralizacións de obras, que derivaron en retrasos na execución e en sobrecustes de 500 millóns de euros, recordou Caballero, “Feijóo non abriu a boca entón” e tampouco o fai agora. “Ten que dar contas do que fixeron Mariano Rajoy e Ana Pastor co seu aplauso”, requiriu.

Máxime, subliñou, porque agora o goberno progresista está dispoñendo o orzamento necesario para levar a termo as obras e para que



non haxa “ningún retraso” derivado da súa actuación. Ademais, puxo en valor o compromiso coa “seguridade na vía”, implementando o ERTMS tamén en tramos nos que non estaba previsto.

É por iso que o máximo dirixente do PSdeG concluíu que “a maior tomada de pelo” é “o si-

lencio cómplice de Feijóo coa parálise” das obras da alta velocidade a Galicia, un feito que explica “por que o PP sacou a Ana Pastor da política galega”. “Tomáronnos o pelo”, evidenciou, ao recordar que entre 2014 e 2017 o ADIF só executou o 49% do orzamento previsto nesta infraestrutura.

“O goberno é unha garantía para recuperar os bens espoliados no franquismo”

Gonzalo Caballero, mantivo unha xuntanza de traballo co secretario de Estado de Memoria Histórica, Fernando Martínez, trala que ambos destacaron o compromiso do goberno de España coa recuperación dos bens espoliados durante a ditadura franquista. Despois de felicitar ao secretario de Estado pola exhumación dos

restos do ditador do Val dos Caídos, destacou que o goberno está estudando como recuperar para a cidadanía distintos bens que, en Galicia, pasaron a mans da familia Franco durante a etapa da ditadura en condicións forzadas. É o caso, por exemplo, do Pazo de Meirás en Sada ou a Casa Cornide na Coruña.

Ana Miranda insta á Comisión Europea que aclare a data da chegada do AVE a Galiza



A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, critica o baile de datas a respecto da chegada do AVE a Galiza e insta á Comisión Europea que aclare cando a alta velocidade fará entrada en Galiza. “Desde o BNG non entendemos por que Galiza ten que soportar as mentiras dos sucesivos ministros de Fomento sobre a seguridade da alta velocidade e as contradicións sobre a súa chegada á nosa terra”, denuncia.

Neste sentido, Miranda refírese a data ofrecida polo ministro de Transportes, José Luis Ábalos, quen asegurou que a alta velocidade chegará a Galiza en 2021, un ano máis tarde da data anunciada pola UE e polo seu predecesor na carteira de Fomento. “Non só temos o problema de que o actual ministro de Trans-

portes danos unha data contradictoria coa da UE, senón que en Galiza temos un goberno que non goberna, nin cando en Madrid gobernan os seus nin cando goberna o PSOE. Feijóo é desleal a Galiza”, explica.

“Queremos que haxa compromisos claros tanto sobre os prazos da chegada da alta velocidade como sobre a seguridade das liñas e dos trens porque non queremos que se repita outro accidente como o de Angrois”, salienta a portavoz do Bloque en Europa, quen lembra que para garantir estas condicións o goberno do Estado ten que cumprir os requirimentos que marca a Unión Europea no procedemento de infracción que abriu contra España por incumprimento da normativa europea en seguridade ferroviaria e control de riscos.

Gonzalo Caballero compromete unha Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, anunciou que o vindeiro goberno progresista en Galicia poñerá en marcha unha Axencia de Desenvolvemento Rural e o Reto Demográfico, baseada na experiencia do modelo escocés para aplicalo á realidade galega. Incorporará unha fórmula de gobernanza coparticipada por institucións e axentes, pero que será impulsada activamente dende a Presidencia da Xunta como “garantía da de-

fensa dos dereitos do rural”. Farase dende o ámbito da Presidencia da Xunta como garantía da transversalidade da súa acción sobre toda a administración autonómica.

A coordinadora do IdeaGaliciaLab, Noelia Otero, sinalou a importancia de abordar a situación do rural galego, máxime ante os recortes nos servizos que está levando adiante a Xunta de Feijóo por criterios ideolóxicos e a caída da demografía que se está producindo na nosa comunidade.

Compromiso por Galicia inicia o proceso de elección dos coordinadores das provincias

A elección é polo procedemento de primarias

O Consello nacional ven de aprobar o inicio do proceso de primarias para a elección dos coordinadores de cada provincia. As persoas que resulten elixidas pasarán a formar parte da Comisión Executiva Nacional.

“Estamos cumprindo o demando no III Congreso Nacional, creando unha organización máis forte e máis achegada ao territorio. Un paso importante é con-

tar con responsables en cada provincia que dinamizarán a vida do partido, elixidos en primarias pola afiliación de forma participativa e transparente” dixo Daniel Lago Secretario Nacional de Organización.

Este primeiro paso tamén fortalece o partido cara as eleccións galegas de este ano. Os Coordinadores Territoriais serán os encargados de seguir co traballo

de implantación territorial, no que a Comisión Executiva Nacional de CxG prevé a constitución de 10 novas agrupacións no prazo de dous meses.

“O traballo da Executiva vai a bo ritmo, cumprindo o acordado no Congreso Nacional. Acordo con BNG para as xerais que obtivo representación nas Cortes, membros de pleno dereito do Partido Demócrata Europeo e agora seguir coa estrutura do partido. En menos de catro meses estamos cumprindo obxectivos” remarcou Piñeiro Docampo.

O BNG esixe en Madrid e Bruxelas que se cumpran os requirimentos do procedemento de infracción do Alvia aberto pola CE

A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, e o deputado no Congreso, Néstor Rego, subliñaron que a formación nacionalista está traballando de forma coordinada para esixir ao Estado que cumpra de “forma inmediata” os requirimentos explicitados no procedemento de infracción que iniciou a Comisión Europea contra España hai xusto un ano por incumprimento da esixencia de control de riscos da normativa europea de seguridade ferroviaria. Ana Miranda salienta que para o Bloque é unha prioridade loitar pola verdade e a xustiza en Angrois.

A portavoz do BNG en Europa

explica que presentou dúas preguntas á Comisión Europea para que informe sobre cal é o estado actual do procedemento de infracción e cando prevé acudir ao Tribunal de Xustiza, “debido á dilación por parte de España á hora de cumprir os requirimentos da propia Comisión neste asunto de tanta gravidade”.

Neste sentido lembra que o Estado xa solicitou dúas prórrogas para cumprir as esixencias do procedemento. Este procedemento de infracción é consecuencia da denuncia presentada polo BNG na Comisión Europea en 2017 contra o Estado, o Ministerio de Fomento, ADIF e RENFE por in-



fracción do dereito comunitario en materia de seguridade ferroviaria e por non facer o control de riscos que esixe a norma no caso do accidente do Alvia.

Néstor Rego, salientou que

dará continuidade ao traballo desenvolvido pola deputada Rosana Pérez no Congreso no obxectivo de que se coñezan as causas do accidente no que faleceron 81 persoas e 144 resultaron feridas

e se depuren as responsabilidades técnicas e políticas. Tamén explicou que presentará iniciativas para saber cando e con que características, recursos e prazos vai levar a cabo a investigación independente por parte da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios (CIAF) e cando vai cesar o Ministerio de Fomento aos membros deste organismo, pois ten potestade para facelo, por deixadez de funcións despois da modificación normativa do 2015 e a esixencia de realización dunha investigación independente, contando co apoio da ERA, como esixe a Directiva marco de seguridade ferroviaria de 2004.

O Día dos Medios en Galego 2020 celébrase en Carballo



Ofrenda no Monumento ao Camiñante Descoñecido. Barallobre (Fene) Febreiro 2018.

Cada 7 de febreiro, Galicia celebra o Día dos Medios en Galego, unha data ratificada por unha declaración conxunta de todos os partidos con representación no Parlamento Galego no 2018.

A data quere lembrar a saída primeira publicación xornalística realizada integramente en galego, O Tío Marcos d'A Portela, editado en Ourense por Valentín lamas Carbajal aló polo 1876.

Este 2020 a promotora da celebración, a Asociación de Medios en Galego AMEGA (www.mediosengalego.gal/diario) une esforzos en Carballo, onde organizará un novo acto para visibilizar a importancia e a necesidade de que os medios comuniquen na nosa lingua e darlle luz aos máis de 100 medios que hai en activo (incluíndo revistas especializadas, tanto dixitais

como impresas) contanto, en galego, o que pasa no noso país.

A cita terá lugar o propio venres 7 de febreiro, a partir das 20:30h no Casino1889, unha entidade cultural centenaria, rexurdida pola mocidade carballesa neste último lustro. O acto será presentado, en clave regueifeira, por Lupe Blanco, estará amenizado por Avelino González, e contará a participación de representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Deputación da Coruña e do Concello de Carballo, colaboradores do evento.

Despois duns petiscos, pechará o acto a banda muradá Terbutalina, cun magnífico concerto, rememorando aquela Gala de 2011 celebrada en Compostela onde a banda colaborara coa AMEGA no marco da campaña Vitaminas para o Galego.

Libros

Mi vida es mía Cristina Durán



ISBN/13: 9781072644378

Num. Páginas: 214

Tamaño: 152 X 228 mm

Año de publicación: 2019

Editorial: Grupo Editorial Omniverso

Categoría: Narrativa Romántica

Gaela despois dunha decepción amorosa e familiar, cambiará drasticamente. Prometerase a si mesma que nada a deterá no seu obxectivos pero sobre todo terá presente a regra máis importante, non volver permitir que ningún home poida facerlle dano. Pero nese camiño de emancipación e autoconocimiento non estará exenta de dor e amor, equivocarase un millón de veces.

Queres acompañar a María Gaela nas súas aventuras e aparatosas equivocacións? Entra no seu mundo a través destas páxinas cargadas de sensualidade, amor, aventura, humor e moita, moita cabezonería.

Algo nos une máis alá do idioma

Por Celeste Sousa

Numa casa de mesa farta, onde o “ser galego” se faz cheiros, sons e sabores, seis portugueses de vozes fartas e risos soltos. Gestos largos, interjeitados pelas exclamações do prazer nada contido e uma alegria desmesurada de uma satisfação indisfarçável.

Pulpo à feira e padrons crepitantes de sal grosso. Os ovos rotos no ponto, a pedir o gesto tão português de um pedaço de “chapata” a recolher o colorido único das gemas frescas, daquele prato, ninho de gostos fartos.

Gente de trabalho cheio, que 3 ou 4 décadas de repetição semanal, clama por tréguas e descanso, apontou a partir de um Porto a 200 km a sul, hoje cosmopolita, denso, cheio, e aqui

ou ali, desfocado na sua essência, a uma Ourense sedutora, carregada de autenticidade galega, genuína, consistente, coerente no tempo e na história.

Vieram em busca do melhor que a cidade tem para oferecer. Gastronomia rica, granitos com história, águas quentes seculares que, carregadas de promessas, brotam da terra sem descanso. E das gentes, deste jeito de ser galego, que as infinitas e duras batalhas da história temperaram, moldando o carácter de uma gente, que, nos 4 cantos do mundo, transporta uma marca que não tem tempo, nem se perde na sucessão geracional. Como se a poesia de Rosália estivesse nas palavras soltas na hora de falar da terra.

Risos, clamores e canções soltas numa taberna galega. Entre cañas



Portugueses de Porto na sua primeira visita a Ourense.

erguidas em brindes à vida, celebra-se por ali um olhar sentido

deste sentir de estar em casa, quando se atravessa o Miño, para

estar com os amigos. Algo nos une para além da língua.

www.novasdoeixoatlantico.com





LOTERÍA
RIBEIRA SACRA

982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo

